

ÁREA DE  
CONTRATACIÓN

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS E  
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



**A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 14 de agosto de 2024, realizou entre outras, as seguintes actuacións:**

### **11. Propostas de adxudicación**

#### **b) Procedemento aberto para a contratación do subministro, montaxe e asistencia técnica de pneumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo (16269-445)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, lembra aos/ás membros da Mesa de Contratación que a resolución de clasificación, co requirimento da documentación do artigo 150 da LCSP, foi notificada a NEUMÁTICOS BERBÉS, S.L. o 24 de xullo de 2024 que presenta documentación en data 6, 8 e 12 de agosto de 2024. Comprobada esta documentación, a Mesa acorda por unanimidade dos/as membros presentes, outorgar un prazo de 3 días naturais á licitadora para que poida emendar a mesma. En concreto, deberá emendar:

- O aval presentado como garantía definitiva xa que no presentado presentado non figuran os datos dixitais da sinatura dixital, soamente a marca da mesma e, asemade, é necesaria corrección do período de vixencia que non pode ser, como se indica no documento presentado, unha data concreta, se non o establecido no anexo V do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

O que comunicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

O contido integro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consulta-lo no seguinte enderezo WEB:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal>

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo  
16269-445

Data impresión: 19/08/2024 13:31

Páxina 1 de 1

CSV: A8A95B-32C686-4D29BB-7MHDUN-95VZXA-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>